



## CONSORCIO DE SANTIAGO

**Asunto:** Informe sobre a xustificación das ofertas anormalmente baixas realizadas no proceso de contratación do “Servizo de transporte de viaxeiros para os traslados de persoal artístico técnico da orquestra Real Filharmonía de Galicia”- Lote 1.

**Expte:** 1236627N

**Informa:** Sabela García Fonte, directora técnica da Real Filharmonía de Galicia.

**Data:** 10/01/2024

### **1. Antecedentes.**

O día 18 de decembro de 2023 reúnese a Mesa de contratación para proceder ao descifrado e apertura das ofertas económicas da licitación de referencia para o Lote 1 (o Lote 2 queda deserto ao non haber ningunha oferta), e dáse traslado aos servizos técnicos do Consorcio das ofertas presentadas para que procedan á súa puntuación de acordo coa ponderación dos criterios que figuran na cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

O día 22 de decembro de 2023 vólvese a reunir a Mesa para dar lectura ao informe de valoración das ofertas presentadas, no que se indica que as ofertas realizadas para o Lote 1 polas empresas Vehículos Costa S.L. e Autocares Rías Baixas S.L. resultan anormalmente baixas.

Estas ofertas están en baixa anormal en aplicación do apartado 14.3.1 do PCAP: *“Se considerará, en principio, como anormalmente baixas las ofertas que se encuentren en los siguientes supuestos: - Número de ofertas: 3. ... En cualquier caso, se considerarán ofertas anormalmente baixas todas aquellas con baixas porcentuales superiores a 16,67%”.*

A baixa da empresa Autocares Rías Baixas S.L. é do 18,46% e a de Vehículos Costa, S.L. é do 44,73%.

Por isto, requíreselles xustificación das ofertas presentadas.

### **2. Xustificación da oferta presentada pola empresa Autocares Rías Baixas S.L.**

#### **a. Documentación presentada.**

Con data 4 de xaneiro de 2024 Autocares Rías Baixas S.L. presenta a xustificación da súa oferta por escrito, contendo dous apartados: 1. Estudo económico-financieiro e 2. Hipótesis. Ao final remítese o Observatorio de Custos de Transporte de Viaxeiros (xullo de 2023) do Ministerio de Fomento e diversa documentación que acredita as afirmacións do informe.

#### **b. Contido e análise da xustificación.**

No apartado do Estudo Económico-Financieiro faise unha explicación da estrutura de custos da licitación. Nos custos fixos (páx.3), dise que a empresa ten descontos para adquirir os vehículos necesarios para a prestación do servizo, e engádese unha táboa de amortizacións anuais.

Tamén se incide nas vantaxosas condicións que ten a empresa para a contratación de seguros.

Conclúese este apartado de custos fixos asegurando que, debido ao volume de traballo e á localización da empresa na comarca de Santiago, poden reducir ata nun 15,28% a carga destes custos.

En canto aos custos variables, din que o custo asociado ao consumo minimízase pola localización estratéxica da empresa e polo coñecemento do territorio, que fai que se reduzan os kilómetros recorridos “en valeiro”.

Aseguran que tamén axustan custos en base ao combustible (porque o adquiren en grandes cantidades) e aos pneumáticos (prezos especiais negociados con provedores).

Ademais, inclúen unha conta de resultados no que se reflicten un resultado positivo en todas as anualidades previstas.



Xuntan documentación de contrato de leasing de vehículos, de condicións de financiamento, de custos de seguros (viaxeiros, automóviles), de compra de gasóleo e de compra de pneumáticos.

### **c. Conclusión**

Por todo isto, a baixa temeraria está suficientemente xustificada e non se ve ningún impedimento para que o servizo poida ser realizado con todas as garantías necesarias.

## **3. Xustificación da oferta presentada pola empresa Vehículos Costa, S.L.**

### **a. Documentación presentada**

Con data 8/1/2024 preséntase escrito de xustificación da oferta presentada.

### **b. Contido e análise da xustificación.**

A empresa Vehículos Costa, S.L. presenta unha extensa e detallada xustificación da súa oferta, aínda que bastante desordenada. Ao longo da súa explicación faise unha análise sobre como os custos de explotación -fixos e variables-, custos indirectos, beneficios, custos marxinais, etc., inflúen e se tiveron en conta á hora de facer a oferta económica para este servizo.

Basea esta xustificación nunha serie de consideracións que se van analizando e explicando de forma detallada, tendo en conta “*las circunstancias concretas del contrato y de los contratistas*”, e que se poden resumir nos seguintes puntos:

- En canto ás características deste contrato:

Os custos xerais reais, que o Observatorio de Costes de Transportes de Viaxeiros establece no 12,5% do custo de explotación -e que inclúen os custos de taquillas, empregados de oficina, inspectores ou xefes de tráfico; tamén a atender incidencias do servizo, demandas, preguntas e queixas dos usuarios, etc.-, neste caso son inexistentes.

- En canto ás circunstancias da empresa:

- A base de operacións é Santa Comba, preto de Santiago, o que reduce significativamente os kilómetros “en valeiro”.
- Aínda que cingue a súa xustificación aos datos do Observatorio oficial do Ministerio, pode aportar datos obxectivos que demostran que os seus custos de gasóleo, mantemento e pneumáticos son menores que os que establece este observatorio.
- A empresa parte de ter xa unha estrutura (de vehículos, condutores e instalacións) que lle permite, cos contratos que ten adxudicados, cubrir os custos fixos; este contrato ten a consideración de “servizo adicional”, polo que coa súa oferta solo ten que cubrir os custos variables.

No apartado D) Marco general de actividades de Vehículos Costa, S.L., fai a seguinte exposición:

*La cuestión a dilucidar sería, por tanto ¿cómo encaja en el esquema general de mi representada una oferta de 14.341 € por unos servicios que tienen un coste variable máximo de 3.521€?*

*La respuesta viene determinada por los siguientes aspectos:*

- \* *Vehículos Costa S.L. dispone de una flota de 21 autobuses y 36 conductores, ...*
- \* *El contrato requiere la prestación de 27 servicios al año con vehículos de 50 a 55 Pax y otros 3 con otro de entre 26 y 49. En el primer caso, un viaje cada 13 días y, con el autobús más pequeño 1 servicio cada cuatro meses. Es evidente que sólo empresas que dispongan de medios previos ocupados en otros menesteres pueden contemplar concurrir a esta licitación....*
- \* *La magnitud del contrato licitado es mínima, por no decir insignificante en términos económicos y de dedicación de los medios disponibles. Lo que significa que el resultado neto global de Vehículos Costa S.L. no variaría en términos cualitativos y casi tampoco en los cuantitativos...*



- \* Por otra parte ya se ha demostrado que, incluso en nuestra Plica los costes variables son cuatro veces inferiores al precio ofertado, lo que significa que 3/4 partes de los ingresos quedan liberadas para imputarlas a los ingresos generales de la empresa y contribuir al equilibrio general de la explotación.*
- \* Que dicha contribución sea modesta es irrelevante. Es modesta no porque la oferta sea excesivamente agresiva sino por la escasa entidad del contrato en términos absolutos y en relación con el volumen general de nuestra empresa. ...*

Do apartado E) Balance económico de la oferta presentada resaltamos o seguinte:

- \* Por último, podemos recurrir a la realidad conocida por ese Organismo que no es otra que la prueba empírica de que Vehículos Costa S.L. lleva dos años prestando este mismo contrato con costes incluso superiores a los actuales (el gasóleo se encuentra en la actualidad 0,5€ por debajo de que soportamos durante varios meses del año 2021, por citar un ejemplo) y, lo que es más importante, a precios inferiores a los ofertados en la actualidad.*

**c. Conclusión:**

Á vista da xustificación da oferta presentada pódese constatar que a empresa Vehículos Costa, S.L. pode garantir a viabilidade para prestar o servizo sen ningún risco para administración contratante.

Cabe destacar, ademais, que a empresa está a prestar este servizo de transporte á Real Filharmonía de Galicia dende hai 4 anos, a satisfacción do licitante, e non hai motivo algún que faga previsible que a calidade ou a continuidade na prestación do mesmo se vexan comprometidas,

Polo tanto, VALÓRANSE POSITIVAMENTE as xustificacións das baixas presentadas polas empresas Autocares Rías Baixas, S.L. e Vehículos Costa, S.L, e proponse a admisión das dúas ofertas á licitación de referencia.

O que se informa aos efectos da súa consideración pola Mesa de contratación, en Santiago de Compostela a 10 de xaneiro de 2024.

Asdo. Sabela García Fonte  
Directora Técnica da RFG